



**R abriu o seu servizo de televisión *online* para todas as persoas que estean hospitalizadas, sexan ou non clientes**

## **Máis de mil pacientes de COVID-19 xa se benefician de balde de tvcomigo, a plataforma *online* de televisión de R**

- **Con este servizo, os clientes do operador galego poden gozar de forma gratuíta de máis de 50 canles, miles de contidos baixo demanda e a posibilidade de facer gravacións para velos máis tarde.**
- **O consumo medio de televisión aumentou de forma significativa até as 5,4 horas diarias, ou sexa, un 45 % máis do habitual. O tempo consumido na oferta de televisión en directo medrou nun 47 % (até 4,5 horas diarias) e a de contidos á carta incrementouse un 32 %**
- **Os consumos de contidos infantís en televisión aumentaron un 54 % e os de cine para toda a familia, un 55 %.**
- **R segue traballando para garantir a máxima calidade dos seus servizos, que continúa ofrecendo con normalidade durante o estado de alarma.**
- **O operador galego aumentou os niveis dos seus servizos aos clientes de maneira significativa para axudarlles a soportar as medidas de illamento.**

**Mércores, 15 de abril de 2020.** Tras 15 días dende a apertura gratuíta de **tvcomigo**, o balance de uso do servizo de televisión *online* de **R** revela unha cifra de 1.054 activacións (usuarios rexistrados), cada unha das cales pode desfrutarse ata en 5 dispositivos diferentes (móbil, tableta, PC...). Isto dá mostra da boa acollida que tivo a iniciativa, lanzada por **R** o pasado 27 de marzo para que todas as persoas que o precisen, tanto se son clientes de **R** como se non, e que lamentablemente teñan que pasar estes días en centros hospitalarios, poidan acceder aos mellores contidos de televisión do operador.

De feito, **R** abriu o paquete de TV Total de **tvcomigo** para que os usuarios poidan acceder a esta aplicación de forma gratuíta mentres dure a crise sanitaria. A TV Total inclúe máis de 50 canles, miles de contidos baixo demanda e a posibilidade de facer gravacións para velos máis tarde. O funcionamento, neste caso, é o mesmo que para os clientes de R: hai que descargar a aplicación de móbil, dispoñible para Android e iOS e rexistrarse, seguindo as instrucións para activala.

O servizo de **tvcomigo** tamén dispón de versión web, en [R.gal](#), na sección de [tvcomigo](#). Tanto a través da rede wifi como da rede móbil, o servizo *online* de televisión de R tenta acompañar e axudar as persoas que están hospitalizadas e facerlles máis fáciles de levar estes momentos complicados.

## **Outras accións para axudar durante o confinamento**

**R** continúa lanzando iniciativas de utilidade para diferentes colectivos que precisan estar conectados e gozar de propostas de lecer que lles axuden a soportar estes días de confinamento, e para as persoas que teñen que permanecer illadas no fogar por ter síntomas ou por contraer a enfermidade.

Todo isto, nun período en que o consumo de televisión aumentou de forma significativa. Neste sentido, **R** constatou que nestes momentos de alerta sanitaria o consumo medio diario é de 5,4 horas diarias, ou sexa, un 45 % máis do habitual. Ademais, o tempo consumido na oferta de contidos en directo medrou nun 47 % (até as 4,5 horas diarias) e na oferta de contidos á carta incrementouse un 32 % con respecto a febreiro. Pola súa banda, os consumos de contidos infantís en televisión aumentaron un 54 % e os de cine para toda a familia, un 55 %.

Como en anteriores comunicacións, tendo en conta que os patróns de uso destes días son superiores aos habituais, **R**, igual que o resto dos operadores, mantén as súas recomendacións para gozar dunha boa experiencia de servizo:

- Potenciar o uso da telefonía fixa para as chamadas de voz, pois estamos na casa.
- Usar a rede wifi fixa para acceder a Internet.
- Utilizar ferramentas colaborativas (Skype, Teams, WhatsApp, etc) tamén para as comunicacións de voz.
- Evitar o envío de ficheiros pesados e substituílos por enlaces.
- Descargar os ficheiros pesados nas «horas val» (as de pouco tráfico).
- Realizar audioconferencias en lugar de videoconferencias.

**#EuQuedoNaCasa**

comunicación R  
[prensa@mundo-r.net](mailto:prensa@mundo-r.net)  
[R.gal/yomequedoencasa](#)

